



## CONCELLO DE TABOADELA

### **BASES REFORZOS BIBLIOTECA CURSO 2024/2025**

#### **ARTIGO 1.- CONTIDO:**

O Concello de Taboadela organiza os “Reforzos escolares” coa finalidade de proporcionar unas horas de estudo aos estudantes do municipio e axuda nas tarefas escolares durante o curso 2024/2025.

#### **ARTIGO 2.- XUSTIFICACIÓN:**

Creemos necesario dinamizar o concello e a biblioteca municipal con actividades deste estilo, fomentando o estudo, lectura, comprensión e axuda a aquela rapazada que o precise, dentro das nosas capacidades.

#### **ARTIGO 3.- NÚMERO DE PRAZAS:**

O número de prazas co que contarán os “Reforzos” será de 6 para primaria e outros 6 para Secundaria.

#### **3.1.- INICIO E FINALIZACIÓN**

Iniciaránse os Reforzos na primeira semana de outubro e rematarán a penúltima semana do mes de Xuño. Os días non lectivos, Pontes, vacacións, etc. Non haberá clases.

#### **ARTIGO 4.- PERSOAS DESTINATARIAS:**

**4.1.-Requisitos.** Poderán solicitar a súa participación no os nenos e nenas entre **6 e 16 anos de idade Soamente para Empadroados no Concello de Taboadela.**

#### **ARTIGO 5.- LUGAR DE CELEBRACIÓN E HORARIO**

Realizarase no espazo da Biblioteca Municipal, os MARTES e MÉRCORES con horario de



## CONCELLO DE TABOADELA

17:00h a 18:00h. O prezo dunha hora semanal será de 20€ anuais, podendo aumentar a 2h semanais co prezo simbólico de 40€ anuais. O horario non será modificable, así como as datas. Se os usuarios o prefiren pódense xuntar as dúas horas semanais nun único día da semana que serán os mércores, nese caso o horario sería de 17:00h a 19:00h.

### **ARTIGO 6.-SOLICITUDES**

A solicitude para os beneficiarios formalizarase no formulario normalizado que figura como “Solicitude Reforzos Curso 2024/2025”, e que estará dispoñible nas dependencias da Biblioteca Municipal e na web do concello de Taboadela, [www.concellodetaboadela.com](http://www.concellodetaboadela.com), e serán presentadas no Rexistro Xeral do Concello de Taboadela, de luns a venres en horario de 09:00 horas a 14:00 horas, e luns pola tarde de 16:00-20:00 horas. (Praza do Concello).

Unha vez realizada a solicitude e confirmada a aceptación do alumno/-a deberase entregar nas dependencias municipais ou na Biblioteca o xustificante de pagamento das clases antes do comezo das mesmas. De non ser así non poderán acceder aos reforzos.

### **ARTIGO 7.- PRAZOS**

O prazo para presentar as solicitudes comezará o día 9 de Setembro e rematará 27 do mesmo mes, ámbolos dous incluídos. Fóra de prazo aceptaranse solicitudes de novo ingreso no servizo cando existan circunstancias sociofamiliares especiais, debidamente xustificadas e haxa prazas. En función das baixas que se produzan na actividade, os nenos/as accederán aos reforzos seguindo a orde na que figure na listaxe.

### **ARTIGO 8.- INFORMACIÓN ADICIONAL**

As bases para a Aula Concilia da presente convocatoria se atopan no taboleiro de anuncios do Concello de Taboadela e na páxina Web do Concello.

A hora de entrada máxima será ás 17:10 (para non interrompir o normal desenvolvemento do estudo) e a hora de recollida dos nenos efectuarase a partir das 18:00h dando un prazo de cortesía de 15min: é dicir á hora de saída será a máis tardar ás 18:15h. Isto realízase



## CONCELLO DE TABOADELA

deste xeito para non perturbar o normal funcionamento da Biblioteca.

No caso de que os usuarios escollesen a opción de realizar as dúas horas os mércores o horario de entrada será ás 17:00h, dando un prazo de cortesía de 10 min a partir desa hora, para non interrompirla o normal desenvolvemento do estudo. A hora de recollida efectuarase a partir das 18:50 sendo a hora de recollida máxima ás 19:00h.

No caso de que **o comportamento dun neno/a afecte ao normal funcionamento da actividade, procederase a avisar a familia e a dar o/a neno/a de baixa.**

### **ARTIGO 9.- ORGANIZA**

Concello de Taboadela

Concellería de Ocio, Xuventude e Tempo de lecer.

Teléfono de información: 988 439 315

Correo electrónico: [concello.taboadela@eidolocal.es](mailto:concello.taboadela@eidolocal.es)

*A participación nos Reforzos do Curso 2024/2025 suporá o cumprimento e aceptación das presentes bases. O Concello de Taboadela resérvase o dereito a realizar os cambios oportunos que poida considerar precisos para o correcto funcionamento desta actividade.*